



C O N C E L L O
DE
O U R O L

27865 OOUROL (LUGO)

C.I.F. P-2703800-I

R.E.L. 01270386

Telf. 982 559 109

Fax: 982 559 002

ANUNCIO

D. JOSE LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE OOUROL, PROVINCIA DE LUGO

FAI SABER

Que a Consellería de Medio Rural ven de declarar que o Concello de Oourol deixa de ser considerado como zona infestada pola couza da pataca e pasa a ser considerado como **zona tampón**.

Polo que se levanta a prohibición da plantación de pataca no Concello de Oourol. Pero cumprindo unha serie de medidas, tanto para a súa plantación como no seu almacenamento trala recollida.

(*ver información no dorso)

Oourol a vinte de xaneiro de 2020

O Alcalde - Presidente

Asdo. Jose Luis Pajón Camba.



Larva no final do período larval, no que abandona o tubérculo.



Couza



Trampa con feromona sexual para captura masiva



Trampa con feromona sexual

Medidas para a **ERRADICACIÓN DA COUZA GUATEMALTECA DA PATAÇA** (Tecia solanivora) nas zonas tampón



OFICINA XUNTA DE GALICIA	ENDEREZO	TELEFONO/FAX
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DA CORUÑA	Rúa Vicente Ferrer nº 2 15008 A Coruña	Tel: 981182579 Tel: 981184548 Fax: 981184474
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE LUGO	Ronda Muralla 70 27071 Lugo	Tel: 982294459 Tel: 982889247 Fax: 982294808
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE OURENSE	Rúa Florentino L. Cuevillas baixo 32003 Ourense	Tel: 988386687 Tel: 98386571 Fax: 988386482
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE PONTEVEDRA	Rúa Fernández Ladreda 36003 Pontevedra	Tel: 986805446 Tel: 986806554 Fax: 986805406
SERVIZO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEGETAL SANTIAGO DE COMPOSTELA	Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños 15701 Santiago de Compostela	Tel: 881997443 Tel: 981546799 Fax: 881997442



**XUNTA
DE GALICIA**

XUNTA DE GALICIA

1. Plantacións

- a) Obriga de **declaración da plantación** (situación e superficie da parcela).
- b) Obriga de utilizar **semente** de pataca **certificada**.
- c) Realizar **rotación** de cultivos.
- d) Enterrar a semente un **mínimo de 15 cm.** no momento da plantación.
- e) Aporcar **abundantemente** durante a plantación (25-30 cm).
- f) Realizar un **tratamento con insecticida autorizado** dirixido ao pé da planta no momento da tuberización (50-60 días tras a plantación).

2. Almacéns particulares

- a) Almacenar as patacas en lugares **estancos e limpos**.
- b) **Instalar unha trampa** para captura de Tecia **unha vez almacenadas as patacas**.

3. Almacéns comerciais

- a) **Colocación de malla tupida** cun mínimo de 6x6 fíos/cm² en ocos e ventás. Instalación dun sistema eficaz en portas que evite a entrada de Tecia.
- b) **Limpeza e desinfeccións** dos almacéns.
- c) **Instalación** de trampa de feromona.
- e) No caso de comercializar pataca producida nas zonas tampón, deberá **inscribirse no rexistro oficial ROPCIV** e emitir o correspondente Pasaporte Fitosanitario.

4. Colocación de trampas e polilleiros

- a) A colocación de trampas en campo será so competencia da administración autonómica.
- b) Poderase colocar **unha trampa en almacén particular** para a captura de Tecia.

5. Movementos de pataca

- a) Recoméndase **non trasladar** tubérculos de pataca a **zona libre**.
- b) Os produtores que queiran comercializar pataca fora da zona demarcada (*zona infestada+zona tampón*), serán sometidas a unha **inspección oficial** no momento do levantamento das parcelas e deberán circular con Pasaporte Fitosanitario.
- c) A entrada e saída de pataca de zona demarcada realizarase **unicamente en contenedores pechados ou cubertos con malla**.

Zona Tampón

Os concellos de Pontedeume, As Somozas, Moeche, Cerdido, Cedeira e Cariño na provincia da Coruña.

Os terreos comprendidos dentro dunha franxa de 5 km en torno ao límite da zona infestada, é dicir, afecta parcialmente aos concellos de Miño, Vilarmajor e Monfero na provincia da Coruña e Xermade, Muras, Vilalba, Cospeito, Castro de Rei, Pol, Meira, Ribeira de Piquín e A Fonsagrada na provincia de Lugo.